

ACTIVIDADE

CORES DE PAZ

Por que as pombas da paz son brancas? As pombas doutras cores tamén queren ser pombas da paz! Axúdaas a conseguilo.

Obxectivos

- Celebrar o Día da Paz (30 de xaneiro).
- Estimular a creatividade e contribuír a desenvolver a capacidade de expresión plástica.
- Fomentar unha visión da paz libre de estereotipos.

Materiais necesarios

- Anexo 1: Pomba para colorear.
- Lapis, ceras ou pinturas de cores.



30 XANEIRO

Día da Paz

Pombas de cores

Explicamos aos nosos alumnos e alumnas que imos celebrar o día da paz e que por iso imos decorar a clase con pombas, que son un símbolo universal de paz e non violencia.

Tradicionalmente, represéntase a paz cunha pomba branca que leva unha póla de oliveira no pico, pero no mundo existen pombas de todas as cores e elas tamén poden ser un símbolo de paz. Celebremos as cores da paz!

- Reparte copias da ficha coa silueta dunha pomba (Anexo 1), para que cada neno de renda solta á súa imaxinación e a pinte coas súas cores favoritas.
- Se queres, podes buscar fotos de pombas de distintas cores para mostrarllelas aos teus alumnos e alumnas e que lles sirvan de inspiración. Hai unha selección moi completa de imaxes de pombas na Wikipedia: <http://commons.wikimedia.org/wiki/Columbidae>
- Completamos os debuxos con mensaxes de paz e colocámoslos nun lugar visible da clase ou centro educativo.
- A que a nosa bandada de pombas non sería máis bonita se todas fosen brancas?



Facede fotos da actividade ou grave un vídeo para elaborar unha noticia para o blog ou o xornal do centro educativo ou para redes sociais.

